



## Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio está tramitando o Plan Básico Autonómico, que é o instrumento de planeamento urbanístico que ten por obxecto delimitar, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, as afeccións derivadas da lexislación sectorial e identificar os asentamentos de poboación existentes.

Este instrumento será de aplicación nos concellos que carezan de Plan xeral de ordenación municipal.

Asemade, terá carácter complementario do planeamento municipal existente, polo que será de aplicación para suplir as posibles indeterminacións e lagunas do planemanto municipal vixente.

Neste momento, **o Plan Básico Autonómico está en fase de información pública**, téndose solicitado os informes sectoriais preceptivos, de conformidade co previsto no artigo 50 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Co obxecto de facilitar a achega das alegacións que se consideren oportunas, así como colaborar na elaboración dos informes solicitados, infórmolle da **celebración dunha xornada técnica de traballo que se celebrará o vindeiro venres 26 de xaneiro de 2018, ás 10:30 h**, na Sala de Convencións CINC, na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela.

Considerando fundamental a percepción e coñecemento por parte do persoal técnico neste eido, agradecemos a difusión desta xornada, que será gratuita, pero por razóns organizativas **deberá procederse á inscrición á mesma a través do seguinte enderezo:** [sxurb@xunta.gal](mailto:sxurb@xunta.gal)

A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

M<sup>a</sup> Encarnación Rivas Díaz

